RESOLUCIÓN do 18 de decembro de 2019 pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións para proxectos de enerxía solar fotovoltaica dirixidas a particulares, para o ano 2020 (código de

CONVOCATORIAS

procedemento IN4210). (Diario Oficial de Galicia, Num: 15, 23-01-2020, Páx: 3924)

Destinatarios: Poderán ser persoas beneficiarias das subvencións, sen prexuízo de reunir os demais requisitos establecidos nestas bases, as persoas físicas titulares de calquera dereito sobre un inmovible de dereito residencial ou as comunidades e mancomunidades de veciños, sempre que as actuacións subvencionables descritas no artigo 4 se realicen en vivendas ou edificios do sector residencial sitas na Comunidade Autónoma de Galicia.

Obxecto: O obxecto destas subvencións é apoiar proxectos promovidos polos particulares e as súas agrupacións e asociacións con fins de aforro enerxético e fomento do uso das enerxías renovables. Os proxectos limitaranse a instalacións para a xeración de electricidade mediante paneis solares fotovoltaicos.

Convoca: Consellería de Economía, Emprego e Industria

Prazo: Dende o 3 de marzo ás 9.00 horas ata o 1 de xullo de 2020.

ORDE do 26 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para os investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios do período 2014-2020, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e se convocan para o exercicio orzamentario de 2020 (código de procedemento MR340A). (Diario Oficial de Galicia, Num: 16, 24-01-2020, Páx: 4448)

Destinatarios: Poderán acollerse a estas axudas os empresarios individuais ou sociedades que sexan ou vaian ser titulares de instalacións obxecto da axuda dedicadas á transformación e/ou comercialización de produtos do anexo I do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, e sobre as que recaia a carga financeira dos investimentos e gastos que se consideren subvencionables.

Obxecto: Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras das axudas da Consellería do Medio Rural para os investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e convocar as correspondentes ao exercicio orzamentario de 2020.

Convoca: Consellería de Medio Rural

Prazo: Un mes contado a partir do día seguinte ao de publicación desta orde.

ORDE do 26 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento IN519B). (Diario Oficial de Galicia, Num: 13, 21-01-2020, Páx: 2977)

Destinatarios: Concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Obxecto: Mellora dos servizos e acondicionamento de infraestruturas existentes ou de nova incorporación, co fin de que as empresas radicadas nos parques empresariais de Galicia poidan dispoñer de condicións máis competitivas para desenvolver a súa actividade económica.

CONVOCATORIAS

Convoca: Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Prazo: Un mes contado desde o día seguinte ao da publicación da Orde do 26 de decembro de 2019 no DOG.

RESOLUCIÓN do 18 de decembro de 2019 pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións para a creación, mellora e ampliación de pequenas infraestruturas para proxectos de biomasa destinadas a particulares e cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, se anuncia a convocatoria anticipada para o ano 2020 e se procede á selección das entidades colaboradoras que participarán na xestión destas subvencións (códigos de procedemento IN421H e IN421I). (Diario Oficial de Galicia, Num: 15, 23-01-2020, Páx: 3816)

Destinatarios: As persoas físicas propietarias de calquera dereito sobre un inmovible de dereito residencial ou as comunidades e mancomunidades de veciños, sempre que as actuacións subvencionables descritas no artigo 3 se realicen en vivendas ou edificios do sector residencial sitas na Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo, as agrupacións de persoas físicas, privadas sen personalidade.

Obxecto: Aprobar as bases reguladoras das subvencións para a creación, mellora e ampliación de pequenas infraestruturas para proxectos de biomasa, cofinanciadas parcialmente polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, para o exercicio 2020.

Convoca: Consellería de Economía, Emprego e Industria (INEGA).

Prazo: Consultar resolución.

RESOLUCIÓN do 18 de decembro de 2019 pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións para proxectos de enerxías renovables de uso térmico dirixidas a particulares, para o ano 2020 (código de procedemento IN421P). (Diario Oficial de Galicia, Num: 15, 23-01-2020, Páx: 3875)

Destinatarios: Consultar Resolución

Obxecto: Aprobar as bases reguladoras das subvencións para proxectos de enerxías renovables de uso térmico destinadas a particulares, para o exercicio 2020, que se xuntan a esta resolución como anexo I (código do procedemento IN421P).

Convoca: Consellería de Economía, Emprego e Industria (INEGA).

Prazo: O prazo de presentación de solicitudes de axuda comezará segundo a tipoloxía do proxecto.

Estatal

Extracto da Resolución 24 de xaneiro de 2020 da Dirección da Fundación Biodiversidade, F. S. P., pola que se aproba a publicación da Convocatoria de concesión de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para a avaliación da biodiversidade terrestre española 2020. (Boletín Oficial del Estado, Num: 26, 30-01-2020, Páx: 5432)

CONVOCATORIAS

Destinatarios: Aquellas entidades que reúnan os requisitos establecidos no punto 4.1.a), 4.1. b), 4.1. c), 4.1.d) e o 4.2) das bases reguladoras da concesión de axudas pola Fundación Biodiversidade F. S. P, en réxime de concorrancia competitiva, para a avaliación do estado da biodiversidade terrestre española.

Obxecto: Axudas para a obtención dun maior coñecemento que contribúa á avaliación do estado de conservación dos elementos terrestres integrantes do patrimonio natural español, especialmente a aqueles sobre os que recaian medidas específicas de conservación ou de interese comunitario.

Convoca: Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico.

Prazo: Consultar o extracto da resolución.

Extracto da Resolución 24 de xaneiro de 2020 da Dirección da Fundación Biodiversidade, F. S. P., pola que se aproba a publicación da Convocatoria de concesión de axudas, en réxime de concorrancia non competitiva, a determinadas organizacións non gobernamentais para a participación na definición, proposta e execución de políticas públicas de competencia estatal. (Boletín Oficial del Estado, Num: 26, 30-01-2020, Páx: 5430)

Destinatarios: Aquellas entidades que reúnan os requisitos establecidos nos apartados 5.1.a) e 5.2 e 5.3 das Bases Reguladoras da concesión de axudas pola Fundación Biodiversidade F. S. P., en réxime de concorrancia non competitiva para a realización de actividades relacionadas coas liñas de actuación da FB, coas especificidades e requisitos esixidos na convocatoria.

Obxecto: Axudas para a obtención dun maior coñecemento que contribúa á avaliación do estado de conservación dos elementos terrestres integrantes do patrimonio natural español, especialmente a aqueles sobre os que recaian medidas específicas de conservación ou de interese comunitario.

Convoca: Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico.

Prazo: Consultar o extracto da resolución

Extracto da Resolución 24 de xaneiro de 2020 da Dirección da Fundación Biodiversidade, F. S. P., pola que se aproba a publicación da Convocatoria de concesión de axudas, en réxime de concorrancia competitiva, para a conservación da biodiversidade mariña en España. (Boletín Oficial del Estado, Num: 26, 30-01-2020, Páx: 5428)

Destinatarios: Aquellas entidades que reúnan os requisitos establecidos no punto 4.1.a), 4.1. b), 4.1. c), 4.1.d) e o 4.2) das bases reguladoras da concesión de axudas pola Fundación Biodiversidade F. S. P, en réxime de concorrancia competitiva, para a conservación da biodiversidade mariña en España.

Obxecto: Axudas para a execución de proxectos que cren coñecemento, contribúan á xestión ou melloren o estado de conservación do medio mariño de competencia estatal.

Convoca: Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico

Prazo: Consultar extracto da resolución.

Unión europea

CONVOCATORIAS

Última convocatoria de Clean Sky 2: cfp11

Destinatarios: Os socios selecciónanse mediante convocatorias de propostas abertas (CfP). Os temas para cada chamada son propostos polo Comité de Dirección de cada Plataforma Tecnolóxica e revisados pola Empresa Común. Posteriormente, a convocatoria publícase e as solicitudes recíbense e avalían segundo os seguintes criterios de adxudicación: excelencia, impacto e calidade e eficiencia de implementación e de acordo cos criterios de adxudicación específicos, de cada un dos 3 criterios anteriores, segundo o establecido no

Obxecto: Convocatoria de propostas para financiar actividades de investigación e desenvolvemento coa finalidade acelerar o progreso en aeronaves máis silenciosas e menos contaminantes.

Convoca: Comisión Europea.

Prazo: Ata o 28/04/2020.

BOLSAS

Internacional

Bolsas Fundación BBVA para Latinoamérica, Máster en Espazos Naturais Protexidos. Edición 2021

Destinatarios: Dirixido a titulados universitarios latinoamericanos.

Obxecto: Na área específica de Ecoloxía e Bioloxía da Conservación, a Fundación BBVA convoca un programa dun máximo de 10 bolsas dirixido a titulados universitarios latinoamericanos para a realización do Máster en Espazos Naturais Protexidos na súa edición de 2021.

O curso parte da realidade española e ábrese especialmente ás perspectivas europeas e latinoamericanas.

Convoca: Fundación BBVA

Prazo: Ata o 17 de febreiro de 2020 ás 18:00 h, hora peninsular española.

CONCURSOS PÚBLICOS

Unión europea

Anuncio de licitación de: Dirección Xeral da Auga. Obxecto: Contratación de servizos para o programa de avaliación conxunta das masas de auga das concas hidrográficas hispano-portuguesas (Proxecto ALBUFEIRA). Expediente: 21.803-0984/0412. (Boletín Oficial del Estado, Num: 21, 24-01-2020, Páx: 3942)

Destinatarios: Consultar prego de cláusulas administrativas.

Obxecto: Contratación de servizos para o programa de avaliación conxunta das masas de auga das concas hidrográficas hispano-portuguesas (Proxecto ALBUFEIRA) (CPV: 90712400, 72224000, 79340000 e 80540000).

Convoca: Ministerio para la Transición Ecológica

Prazo: Ata as 14:00 horas do 13 de febreiro de 2020.

CONVOCATORIAS

EMPREGO PÚBLICO

Galicia

RESOLUCIÓN do 19 de decembro de 2019 pola que se publica o Plan de formación para o ano 2020. (Diario Oficial de Galicia, Num: 6, 10-01-2020, Páx: 1209)

Destinatarios: Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, persoal das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, persoal ao servizo da Administración de xustiza de Galicia, persoal ao servizo das entidades locais de Galicia e persoal de administración e servizos (PAS) das tres universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).

Obxecto: Actualización de coñecementos e competencias profesionais e que incorpore aquelas novidades lexislativas e de funcionamento das administracións.

Convoca: Escola Galega de Administración Pública (EGAP).

Prazo: Despois de que se publiquen no Diario Oficial de Galicia as correspondentes convocatorias.

Unión europea

Vacancies at the EEA

Destinatarios: Consultar ligazón

Obxecto: EEA/CA/2020/1 Xefe de programa - Capital natural e ecosistemas - Axente temporal (AD 11)

Convoca: AEMA

Prazo: Consultar ligazón

PREMIOS

Local

Concurso “Búscanse invasoras” (BOP A Coruña, Num: 20, 30-01-2020)

Destinatarios: Poderán participar as persoas empadroadas no Concello de Bergondo, ou que curse os seus estudos nos centros educativos presentes no Concello.

Obxecto: Aportar información ó Concello sobre a presenza de Especies Exóticas Invasoras, (reguladas no Real Decreto 630/2013 do 2 de agosto, modificado polo Real Decreto 216/2019 do 29 de marzo, BOE núm 77, do 30 de marzo de 2019) coa finalidade de dar a coñecer este problema entre a poboación do concello.

Convoca: Concello de Bergondo.

Prazo: Data límite o 31 de marzo de 2020 ás 14:00 horas.

Estatat

2ª edición dos premios Sigrauto á innovación na recuperación

CONVOCATORIAS

Destinatarios: a) Organismos públicos de investigación.

b) Universidades (públicas ou privadas) e os seus institutos universitarios.

c) Outros centros públicos de I+D: Organismos públicos e centros con personalidade xurídica propia dependentes ou vinculados á Administración Xeral do Estado, e os dependentes ou vinculados ás administracións públicas territoriais e os seus organismos, ou participados maioritariamente polo sector público, calquera que sexa a súa forma xurídica.

d) Centros tecnolóxicos de ámbito estatal e centros de apoio á innovación tecnolóxica de ámbito estatal.

e) Empresas do sector da recuperación dos vehículos ao final da súa vida útil.

Obxecto: Con estes premios quérese impulsar a innovación no ámbito da recuperación de materiais provenientes da xestión dos vehículos ao final da súa vida útil. Por tanto, premiaranse aqueles proxectos que supoñan unha mellora na recuperación dalgún compoñente, material ou fracción proveniente dos vehículos ao final da súa vida útil.

Convoca: Sigrauto.

Prazo: Antes do día 1 de Marzo de 2020 ás 11:00 horas.

Internacional

Concurso Novos Campións da Terra 2020

Destinatarios: É un premio enfocado a inspirar a persoas de entre 18 e 30 anos con ideas innovadoras para conservar o medio ambiente.

Obxecto: Se crees que tes unha idea brillante para protexer ou restaurar o medio ambiente, se tes unha visión para un futuro máis sustentable, se tes un historial sólido de promoción do cambio, se non tes medo de fracasar e se crees nun futuro brillante para o noso planeta, entón tes todo o necesario para converterche nun Novo Campión da Terra.

Convoca: Programa das Nacións Unidas para o Medio Ambiente (ONU Medio Ambiente)

Prazo: A convocatoria pública de candidaturas estará aberta ata o 31 de marzo de 2020.

RESOLUCIÓN PRE/42/2020, do 15 de xaneiro, pola que se convoca a décimo sexta edición do Premio Ramon Margalef de Ecoloxía. (Diario Oficial de la Generalitat de Catalunya, Num: 8045, 20-01-2020)

Destinatarios: O Premio pode ser outorgado tanto a persoas físicas como a persoas xurídicas ou a colectivos de todo o mundo que realizen unha tarefa relevante no campo das ciencias ecolóxicas.

Obxecto: O Premio Ramon Margalef de Ecoloxía ten por obxecto o recoñecemento dunha traxectoria científica ou un descubrimento no campo das ciencias ecolóxicas que contribuíse ao progreso significativo do coñecemento ou o pensamento científico, ou ao desenvolvemento de instrumentos teóricos para a boa xestión dos recursos naturais, do territorio ou do mar.

Convoca: Departamento de la Presidencia, Generalitat de Catalunya

Prazo: A data límite para facer propostas é o 15 de maio de 2020.

ACTIVIDADES

CONGRESOS

Internacional

Congreso Mundial da Natureza da UICN 2020. A Natureza, o noso futuro.

Contido: -Xestión das paisaxes para a natureza e as persoas.
-Conservar a auga doce para sustentar a vida.
-Restablecer a saúde dos océanos.
-Acelerar a mitigación e adaptación ao cambio climático.
-Defender os dereitos e garantir unha gobernanza eficaz e equitativa.
-Aproveitar os sistemas económicos e financeiros para a sustentabilidade.
-Promover o coñecemento, a aprendizaxe, a innovación e a tecnoloxía.

Lugar: Marsella, Francia.

Organizador: UICN

Inscripción: Aberta inscrición. Diferentes tarifas

Data de inicio: 11-06-2020

Data de fin: 19-06-2020

CURSOS

Galicia

Interpretación para a Conservación do Patrimonio e os Desafíos Ambientais: Metodoloxía e Técnicas de Comunicación

Contido: Coñecer a metodoloxía da interpretación do patrimonio como estratexia de comunicación do patrimonio (natural e cultural) e como ferramenta para xerar actitudes.

Lugar: Castelo de Santa Cruz (Oleiros)

Organizador: CEIDA.

Inscripción: Inscrición: formacion@ceida.org - tf. 981 630 618.

Data de inicio: 14-02-2020

Data de fin: 16-02-2020

CURSO ON-LINE: SISTEMAS DE INFORMACIÓN XEOGRÁFICA APLICADOS Á XESTIÓN DO TERRITORIO E O MEDIO AMBIENTE (AVANZADO)

Contido: 1. Repaso de fundamentos SIG.
2. Xeorreferenciación.
3. Análise espacial e ferramentas de xeoprocesamento.
4. Aplicacións dos SIG na xestión do territorio.

Lugar: Curso ONLINE (60h).

Organizador: Concellaría de Educación. Concello de Ourense.

ACTIVIDADES

Data de inicio: 27-03-2020

Data de fin: 10-05-2020

Curso On-line: Educador e Intérprete Ambiental.

Contido: 1.A educación ambiental: conceptos básicos, ámbitos, destinatarios e instrumentos.
2.Interpretación e descrición do medio natural galego.
3.O medio ambiente na actualidade. A problemática medioambiental.
4.A interpretación como ferramenta da educación ambiental.
5.Recursos para a difusión ambiental.
6.Técnicas e recursos para a educación ambiental: o monitor medioambiental.
7.Elaboración dun programa de educación ambiental.
8.A participación cidadá.

Lugar: Curso ONLINE (100h).

Organizador: Concellaría de Educación. Concello de Ourense.

Data de inicio: 04-09-2020

Data de fin: 08-11-2020

Internacional

Workshop Internacional de Paisaxe: Tralas pegadas do camiño de inverno nas paisaxes da Ribeira Sacra. Segunda Edición.

Contido: O obxectivo é analizar as paisaxes e os patrimonios da Ribeira Sacra, e propoñer estratexias de delimitación, intervención, e desenvolvemento a partir dun traballo multidisciplinar con estudantes, expertos e profesionais de recoñecido prestixio, contando tamén cos axentes locais.

No segundo dos workshops, tras o que tivo lugar en Sober en setembro, analizarase o tramo que vai dende Monforte de Lemos a Chantada.

Lugar: Auditorio Municipal de Chantada - Lugo

Organizador: Escola Galega da Paisaxe da Fundación Juana de Vega, patrocinio da Axencia de Turismo de Galicia.

Inscripción: Antes do día 25 de febreiro de 2020.

Data de inicio: 02-03-2020

Data de fin: 06-03-2020

XORNADAS

Galicia

Encontro de educadoras e educadores ambientais de Galicia: Un espazo para a reflexión e o intercambio en tempos de emerxencia climática. #EA26Galicia

Contido: #EA26Galicia é unha xornada de participación sobre os retos e os desafíos que a situación de emerxencia climática supón para os profesionais, así como os problemas e propostas de solución sobre a realidade da profesionalización da Educación Ambiental en Galicia. Este

ACTIVIDADES

evento quiere aportar tamén, unha oportunidade para xerar sinerxias e alianzas de traballo, para o coñecemento informal de novas iniciativas que xurdiran nos últimos anos, e unha escusa para o reencontro.

Esta xornada xorde no marco da iniciativa #EA26 (<https://educacionambiental26.com>), encontro virtual mensual que manteñen profesionais da Educación Ambiental en Twitter dende hai 4 anos, co fin de compartir reflexións, experiencias ou proxectos de futuro. Este movemento virtual foi quen de visibilizar e darlle espazo nas redes sociais á educación ambiental, pero tamén leva convocado dous encontros presenciais de educadores e educadoras en Madrid.

Lugar: Castelo de Santa Cruz (Oleiros).

Organizador: CEIDA -Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia.

Data de inicio: 29-02-2020

Data de fin: 29-02-2020

Estatat

Xornada de Mobilidade e Eficiencia Sostible. Casos de éxito na implantación de Lean Logistics

Contido: Encontro no que se presentarán casos de éxito de diferentes empresas en temas de mobilidade en xeral, e de implantación da ferramenta LEAN logistics nos seus procesos. Tamén se profundará de forma máis específica en accións e políticas de mobilidade sustentable nas cidades a través dun taller de traballo.

Lugar: Sevilla.

Organizador: CEL- Centro Español de Logística

Inscripción: Xornada gratuíta, previa inscrición.

Data de inicio: 26-02-2020

Data de fin: 26-02-2020

Xornada Informativa HORIZONTE 2020 - Enerxía segura, limpa e eficiente. Programa de traballo 2020

Contido: Esta Xornada está dentro do marco de Genera - Feira Internacional de Enerxía e Medio Ambiente.

Na Xornada presentaranse:

-o contexto político enerxético na Unión Europea

-as convocatorias do Programa Horizonte 2020 - Enerxía que están abertas en 2020

-as regras xerais de participación e aspectos prácticos.

Tamén se contará con presentacións de Boas Prácticas de proxectos exitosos en convocatorias anteriores.

Lugar: Madrid.

Organizador: Fundación para el Conocimiento Madri+d en colaboración co CDTI.

Inscripción: Cubrir formulario

Data de inicio: 05-02-2020

Data de fin: 05-02-2020

ACTIVIDADES

Xornada de presentación do Programa PRIMA e convocatorias Zona MENA. Infoday e taller de propostas Convocatorias 2020.

Contido: Xornada informativa e taller de propostas, para a presentación das convocatorias do programa PRIMA e o seu plan de traballo anual 2020 (AWP2020). PRIMA- Partnership on Research and Innovation in the Mediterranean Area, unha nova iniciativa en investigación e innovación na área mediterránea que xorde para desenvolver as solucións necesarias para unha xestión máis sustentable dos sistemas de auga, agricultura e cadea agroalimentaria. A través de proxectos de I+D en cooperación, PRIMA ten como obxectivo desenvolver capacidades de investigación e innovación e desenvolver coñecementos e solucións innovadoras comúns para sistemas agroalimentarios e de subministración de auga na área mediterránea para facelos sustentables, en liña cos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable da axenda da ONU 2030 (SDGs).

Lugar: Madrid.

Organizador: Centro para el Desarrollo Tecnológico Industrial (CDTI).

Data de inicio: 07-02-2020

Data de fin: 07-02-2020

OUTRAS ACTIVIDADES**Galicia****Exposición Morcegos de Galicia**

Contido: Aborda diferentes aspectos da bioloxía e o estudo dos morcegos que se poden atopar no territorio galego. Formada por seis paneis, está pensada para pequenos espazos en centros educativos, centros de interpretación, centros culturais, ou centros municipais, entre outros, que desexen divulgar o mundo tan apaixonante dos morcegos, con máis de 20 especies diferentes en Galicia.

Con esta xa son doce as exposicións que o CEIDA ofrece a todas as institucións ou entidades interesadas.

Pode consultar as condicións de préstamo e máis información na ligazón indicada.

Organizador: Asociación DROSERA para Estudo e Conservación do Medio Natural, colabora CEIDA

Unión europea**Webinar sobre Financiación en Medidas de Adaptación ao Cambio Climático**

Contido: Proporcionarase unha visión xeral de varias oportunidades para financiar a adaptación ao cambio climático nos municipios, con varios exemplos de experiencias prácticas noutros territorios. Presentarase unha ferramenta que recompila información sobre iniciativas de financiamento a nivel da UE, servizos de apoio e esquemas de financiamento innovador. Nesta edición da serie de seminarios web de adaptación de Pacto, explicaranse algunhas das opcións de financiamento dispoñibles. As cidades adheridas a Pacto, Atenas e Róterdam, compartirán a súa experiencia.

Lugar: Online

Organizador: Oficina de Pacto dos Alcaldes - Europa.

ACTIVIDADES

Data de inicio: 06-02-2020

Data de fin: 06-02-2020

EUSEW 2020, EU Sustainable Energy Week

Contido: É a maior conferencia europea dedicada ás enerxías renovables e o uso eficiente da enerxía en Europa. As sesións organizadas pola Comisión Europea e as partes interesadas na enerxía céntranse en cuestións de enerxía sustentable, debaten novos desenvolvementos de políticas, mellores prácticas e ideas de enerxía sustentable. Xunto á conferencia, Networking Village reúne á Comunidade EUSEW para forxar alianzas, mentres que os Premios EUSEW celebran proxectos e ideas sobresalientes.

Lugar: Bruselas.

Organizador: Comisión Europea.

Inscripción: A partir de abril de 2020.

Data de inicio: 23-06-2020

Data de fin: 25-06-2020

Foro de Inversión do Pacto dos Alcaldes - Mercado de finanzas de eficiencia enerxética

Contido: A conferencia incluírá sesións plenarias con representantes de alto nivel da iniciativa do Pacto dos Alcaldes, a comunidade investidora e a Comisión Europea. Tamén incluírá unha mostra de proxectos exitosos sobre:

- Financiamento da eficiencia enerxética
- Fontes de valor
- Investimentos preparados para o futuro.
- Financiamento da adaptación climática.
- Financiamento da mobilidade urbana limpa.
- Financiamento da eficiencia enerxética no sector público
- Financiamento de renovación de vivendas.
- Planificación innovadora de enerxía sustentable.

Lugar: Bruselas - Crowne Plaza Hotel.

Organizador: Dirección Xeral de Enerxía da Comisión Europea, Dirección Xeral de Acción Climática e a Axencia Executiva para as Pequenas e Medianas Empresas (EASME)

Data de inicio: 18-02-2020

Data de fin: 19-02-2020

Internacional

Eco-Arquitectura 2020 (8ª Conferencia Internacional de Harmonización entre Arquitectura e Natureza)

Contido: O obxectivo desta Conferencia é revisar os desafíos e novas oportunidades para a arquitectura contemporánea. Estes son o resultado dos avances no deseño e as novas tecnoloxías da construción, así como o desenvolvemento de novos materiais.

Trataranse temas tales como tecnoloxías de construción, deseño de sistemas pasivos, deseño coa natureza, a sensibilidade cultural, análise do ciclo de vida, os recursos e a rehabilitación e moitos outros, incluíndo estudos de caso de moitos lugares diferentes de todo o mundo.

ACTIVIDADES

Lugar: Hotel Melia Maria Pita, A Coruña.

Organizador: Wessex Insitute of Technology (UK) e a Universidade de Alcalá de Henares (España).

Data de inicio: 05-05-2020

Data de fin: 07-05-2020

Desenvolvemento Sustentable e Planificación 2020 - 11ª Conferencia Internacional sobre o Desenvolvemento Sustentable e Planificación

Contido: O obxectivo da conferencia é reunir a académicos, gobernos locais e sector privado para falar sobre os últimos desenvolvementos no campo do desenvolvemento sustentable, desde a investigación á implementación de estratexias e normativas.

Lugar: Hotel Melia Maria Pita, A Coruña.

Organizador: Wessex Insitute of Technology (UK) e a Universidade de A Coruña (España).

Data de inicio: 06-05-2020

Data de fin: 08-05-2020

SDG Global Festival of Action (Festival de acción global de los Objetivos de Desenvolvemento Sustentable)

Contido: Un evento anual innovador deseñado por e para a comunidade de acción SDG para inspirar a acción para os obxectivos de desenvolvemento sustentable.

O Festival 2020 presentará unha variedade de formatos de sesións, talleres e reunións, cada un situado para unha maior comprensión e conciencia, desenvolver habilidades prácticas e redes e inspirarse nos líderes dos ODS. O Festival tamén nutre á crecente Comunidade de Acción de SDG ao poñer a disposición unha plataforma global para lanzar novas campañas, organizar reunións de rede e explorar novas iniciativas e creadores de cambio que traballen para alcanzar os Obxectivos.

Lugar: World Conference Centre Bonn, Alemania.

Organizador: Naciones Unidas Campaña de ODS.

Inscripción: Antes do 1 de marzo.

Data de inicio: 01-04-2020

Data de fin: 03-04-2020

BIBLIOGRAFÍA

MONOGRAFÍAS

Resumo do Informe Climatolóxico de Decembro 2019

A calor está acesa: facendo un balance da ambición climática mundial (PNUD/CMNUCC). UNDP and UNFCCC. Septiembre 2019

Global Environment Outlook - Geo-6 - Healthy Planet, Healthy People. UN Environment (2019)

Microplastics in drinking-water. World Health Organization 2019

United In Science High-level synthesis report of latest climate science information convened by the Science Advisory Group of the UN Climate Action Summit 2019. World Meteorological Organization.

RECURSOS ELECTRÓNICOS

Biblioteca Dixital das Nacións Unidas.

Informe especial sobre o océano e a criosfera nun clima cambiante. IPCC.

Cambio climático e auga: resumo de políticas de ONU-Auga (setembro de 2019).

Guía de investigación sobre cambio climático producida pola Biblioteca das Nacións Unidas en Ginebra.

NOVIDADES BIBLIOGRÁFICAS XANEIRO 2019. Publicacións da Biblioteca e Centro de Documentación Ambiental do CEIDA. A maior parte dos materiais están dispoñibles en préstamo e se non, pode achegarse ata a sede a recollelos, dispoñen dun servizo de envío postal.

Portal da Comisión Económica das Nacións Unidas para Europa CEPE sobre normas para os ODS.

BOLETÍN DE NFORMACIÓN AMBIENTAL



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA

